FICHA - A clasificación dos seres vivos 1

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Pensa nun parque da túa cidade, vila ou pobo e indica tres seres vivos e tres inertes que podamos atopar nel.

3.- Que é unha célula? Coñeces algunha que poda ser observada a simple vista?

4.- Cales cres que poden ser os principais nutrientes que pode necesitar unha persoa?

5.- Como definirías un estímulo, pon dous exemplos e a reacción que produce no ser vivo.

6.- Cando se di que un ser é pluricelular?

7.- A que se debe que a función de reprodución sexa considerada como vital?

8.- Explica como obtén os nutrientes o teu corpo.

9.- Como consegue o teu corpo o osíxeno que necesita, explica brevemente o proceso.

10.- Cales son as diferenzas entre os seres autótrofos e os heterótrofos?

11.- Como fabrican os seres autótrofos o seu alimento?
12.- Que entendes por “aproveitamento das substancias inxeridas”?

13.- Todos os seres vivos fan o mesmo aproveitamento das substancias inxeridas? Explica a túa resposta.

14.- En que consiste a expulsión do refugallo no teu corpo?

15.- A que cres que se debe que algunhas árbores perdan as follas e non outra parte cando chega o inverno?

16.- Que estímulo externo cres que fai que algúns mamíferos, como o can, muden o pelo?

17.- Infórmate sobre os “fototropismos” e explica cun debuxo en que consisten.

18.- A función de relación está controlada nos animais, entre outros, polo sistema endocrino, explica que é este sistema.

19.- Explica as diferenzas entre gameto e cigoto.

20.- Pon un exemplo dalgún ser vivo que se reproduza asexualmente.

21.- As plantas están formadas por células con parede ríxida, que quere dicir isto?

22.- Fai un esquema dos cinco reinos e as súas subdivisións pondo un exemplo para cada unha.

23.- Acostumamos a asociar as bacterias con algo malo para a nosa saúde pero existen bacterias moi beneficiosas para a xente, busca información en Internet e pon dous exemplos indicando en que nos benefician.

24.- Cal é a diferenza entre fungo e cogomelo?

25.- Indica o reino, filo, clase, orden, familia, xénero e especie da ave que máis che goste.

26.- Busca dous seres vivos que pertenzan á mesma familia pero non ao mesmo xénero e dous que pertenzan ao mesmo xénero pero a distinta especie.

27.- Coa axuda de Internet explica a diferenza entre unha mula e un burdégano.

28.- Escribe o nome científico do último peixe que comiches.